



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

XORNADAS O ENSINO CLIL, SECCIÓNS BILINGÜES

Os próximos 5 e 6 de outubro, terán lugar no Palacio de Congressos de Santiago de Compostela as Xornadas **O ensino CLIL, seccións bilingües**, organizadas polos servizos centrais da Dirección Xeral de Ordena-

ción e Innovación Educativa e dirixidas ao profesorado de educación primaria, secundaria e formación profesional específica participante no plan experimental de seccións bilingües da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria, así como a todo o profesorado interesado en desenvolver proxectos relacionados co plurilingüismo nos seus centros.

[Máis información](#)

TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Nova materia optativa para o alumnado de 3º ESO, que terá a oportunidade de coñecer e desenvolver a cultura emprendedora dun xeito práctico. O profesorado que imparta esta materia nos centros galegos

podender acceso, rexistrándose no web, a uns contidos que están deseñados coa intención de facilitar o desenvolvemento da mesma. [Acceso.](#)

[Acceso o web](#)



IMPLANTACIÓN DA ESO

No [DOG nº 185](#) do luns 24 de setembro sae publicada a **corrección de erros** da Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigato-

ria na Comunidade Autónoma de Galicia.


[Acceso ao DOG nº 177](#) do mércores 12 de setembro onde sae publicada a orde.



AXUDAS AO ALUMNDO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO


No [DOG nº 186](#) do martes 25 de setembro sae publicada a Orde do 17 de setembro de 2007 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2007-2008 ensi-

nanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral.



Contido:


Xornadas ensino CLIL, seccións bilingües	1
Taller de iniciativas emprendedoras	1
Implantación da ESO	1
Axudas ao alumnado de formación profesional de grao medio	1
Axudas para o comedor escolar	2
Alerta escolar	2
Presentación do programa Aulas sen Fume 2007-2008	2



AXUDAS PARA O COMEDOR ESCOLAR

No [DOG nº 186](#) do martes 25 de setembro sae publicada a Orde do 18 de setembro de 2007 pola que se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas aso-

ciacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008.



ALERTA ESCOLAR

A Consellería de Educación e O.U. e a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia -061 acaban de asinar un acordo de colaboración para o desenvolvemento do programa "Alerta Escolar" que ten como fina-

lidade facilitar atención inmediata e eficiente aos nenos/as escolarizados na nosa comunidade autónoma que presenten algunha das seguintes patoloxías :
 Crises alérxicas (anafilaxia)

Crises comiciais (epilepsia)
 Crises diabéticas (hipoglicemia)

[Máis información](#)



PRESENTACIÓN DO PROGRAMA AULAS SEN FUME 2007-2008

No portal temático Valora atópanse todos os materiais relativos á convocatoria deste ano. Así mesmo, neste espazo, está aloxada a información relativa ás presentacións provinciais

do programa.

[Acceso](#)

